

II EDICIÓN. PREMIOS DE INNOVACIÓN EN SAÚDE 2020

Nesta segunda edición participaron un total de 99 proxectos, dos que 75 corresponderon á categoría profesional e 24 á modalidade de asociacións e pacientes.

Así, na categoría profesional, os dous proxectos que resultaron premiados este ano foron **'TelecardioCHUS'**, e o programa **'ReCO, de rehabilitación cardio oncolóxico'**. O primeiro deles, presentado polo equipo formado por **José Ramón González Juanatey, Alejandro Virgós, Pilar Mazón e Rosa Represas**, permitirá adaptar o modelo asistencial baixo a premisa de resolver no nivel asistencial axeitado os actos médicos, para evitar aqueles que non aporten valor nin aos pacientes nin ao sistema.



CONTIDOS RELACIONADOS

Resolución de concesión dos II premios

NOVAS

Sanidade entrega os II Premios á Innovación en Saúde do Sistema Público de Galicia

Dous proxectos de telemedicina e un de rehabilitación, galardoados nos Premios á Innovación en Saúde

Pola súa banda, o programa **'ReCO, de rehabilitación cardio-oncolóxico'**, presentado polo equipo composto por **Bibiana Villamayor Blanco, Carlos Peña Gil, Milagros Pedreira Pérez e José Ramón González Juanatey**, incide no uso dos espazos dispoñibles para a Rehabilitación Cardíaca co ánimo de desenvolver programas de rehabilitación en pacientes con cancro. Neste senso preténdese convertelos nunha ferramenta terapéutica que contribúa á mitigación dos seus efectos secundarios.



Pola súa banda, na categoría de asociacións e pacientes, o proxecto galardoado nesta segunda edición foi **"Telemedicina en tempos de COVID, durante e post COVID"**, presentado pola **Asociación Galega de Fibrose Quística**. Esta candidatura busca instalar un sistema de telemedicina con monitorización telemática, recollida de mostras e envío de medicación ás persoas con Fibrose Quística; coa intención de posibilitar a mellora do

benestar físico e emocional destes pacientes, ao tempo que se garante a calidade asistencial sanitaria e o seu seguimento.



Este proxecto contempla o seguimento habitual das persoas que padezan esta doenza en situacións de urxencia, e o emprego de diversos dispositivos para a súa monitorización telemática. Así mesmo, propón a creación dunha rede conxunta de información a través de TELEA.

Convocatoria e bases reguladoras 2020	>
---------------------------------------	---